



# Camiñar cara o 2021

## CADERNO DE PROPOSTAS POLA IGUALDADE

CONVIDÁMOSTE A REALIZAR ESTAS ACTIVIDADES AO LONGO DAS VACACIÓNS DE NADAL. SE NON PODES, GÁRDAO PORQUE NON PASAN DE MODA! ;)

PODES CONSULTARNOS AS DÚBIDAS QUE TEÑAS, AMOSARNOS AS TÚAS DESCUBERTAS OU CONTARNOS CALQUERA SUXESTIÓN POR CORREO-E ([AXENTEDEIGUALDADE@PONTEAREAS.GAL](mailto:AXENTEDEIGUALDADE@PONTEAREAS.GAL)); A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS COA AXUDA DUNHA PERSOA ADULTA OU TAMÉN DEIXÁNDONOS UNHA NOTA NA RECEPCIÓN DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES :)

## IMOS #CARAO2021 CONTIGO?



# ONDE ESTÁN AS MULLERES?

## *Propostas para levar a cabo no entorno urbano*

Localiza o Centro de Información ás Mulleres de Pontearreas

Unha pista: 42°10'30.4"N 8°30'18.1"W

Atopa tres rúas con nome de muller:

.....  
.....  
.....

Na túa búsqueda atopaches máis rúas que recoñezan a homes ou a mulleres? Cal cres que é o motivo?


Identifica os lugares nos que están as mulleres nestas tres fotografías de Pontearreas



Que fan as mulleres en cada unha delas?

Que nos amosan estas imaxes do papel das mulleres na vida de Pontearreas?

# A IGUALDADE É NATURAL



## *Actividades para facer en andainas polo campo ou o monte*

### **Diverzeza**

Que árbores non perden as follas? Cales coñeces que si? Como se chaman as que fican coas follas vermellas e secas no inverno? Na nosa contorna hai árbores de moi diferentes tipos.

Constrúe un móbil en forma de árbore con materiais atopados ou creados por ti. Podes usar ramas do chan e fios para formar a estrutura. Pendura das pólas follas (se atopas algunha) ou investiga e deseña as túas propias das árbores da contorna ou doutros lugares,

Tamén pode ter bolboretas, paxaros, niños, froitos, flores, esquios...

### **A igualdade é natural.**

Procura letras agochadas en elementos da natureza: nas pedras, nas manchas dos fungos, nunha nube, nunha semente... para poder formar a palabra IGUALDADE. Tenta atopar todas e fai un rexistro (fotografías, deseños, descríbeo nun caderno... ti elixes!).

### **Ver o invisible.**

Os animais deixan unha morea de pegadas arredor cando comen, cando andan, cando durmen,... en todo o que fan!

Olla con atención e procura atopar as pistas que deixan para coñecer máis aos seres que conviven con nós.

Que animais recoñeces? Que cousas fan?

As persoas somos diferentes entre nós, cunhas temos máis cousas en común e con outras algunhas menos, como pasa cás árbores que teñen formas variadas, moitos tipos de follas, crecen en lugares distintos...

Ser diferentes é algo natural, como a igualdade.

Pero, que pensas ti? É así realmente no noso día a día?

Todas as persoas somos tratadas igual? Todas somos valoradas do mesmo xeito?

Nós queremos camiñar cara o 2021 en igualdade, ti queres camiñar con nós?

As mulleres formamos parte da vida dos nosos pobos desde sempre. Nas imaxes deste caderno hai unha pequenísima mostra. Pero o traballo e a participación feminina a miúdo non teñen o mesmo recoñecemento que a dos homes. E, as que teñen máis visibilidade, moitas veces son consideradas como algo moi excepcional.

O máis común é que lle deamos maior valor a traballos que é frecuente que realicen os homes e consideremos menos importantes os que son feitos tradicionalmente polas mulleres. Isto pasa, por exemplo, coas tarefas feitas no fogar e cos traballos relacionados cos coidados. Así, moitas das actividades que sosteñen a vida vólvense invisibles e cústanos máis recoñecer ás persoas que se ocupan delas.

Hai moitas cousas que podemos facer no noso día a día para apoiar a igualdade. Tamén hai recursos públicos, como o Centro de Información ás Mulleres de Pontareas (CIM), no que traballamos para que todas as persoas teñamos as mesmas oportunidades e os mesmos dereitos.